

**RESUMO DA CONTA ANUAL DO
EXERCICIO 2014
UNIVERSIDADE DE VIGO**

TÁBOA DE CONTIDO

Presentación.....	3
I. Execución do Orzamento	4
I.1 Créditos iniciais, Modificacións de crédito e Créditos finais.....	4
Orzamento de Ingresos.....	4
Orzamento de Gastos	5
Modificacións Orzamentarias	5
I.2 Execución do orzamento.....	6
Grao de Execución do Orzamento de Ingresos	8
Grao de Execución do Orzamento de Gastos.....	10
I.3 Remanente de Tesourería.....	14
II. Situación económico-patrimonial	16
II.1 Resultado económico patrimonial	16
II.2 Balance de situación a 31-12-2014.....	17
III. Situación de Tesourería.....	18
IV. Indicadores	19
IV.1 Indicadores financeiros e patrimoniais.....	19
IV.2 Indicadores orzamentarios	20
V. Da Contratación Administrativa	22
Anexo I. Resumos das contas anuais de entidades participadas	24
AI.1 Cidade Universitaria, S.A. (CUSA)	24
AI.2 Cidade Tecnolóxica de Vigo, S.A. (CITEXVI)	26
AI.3 Fundación Universidade de Vigo (FUVI).....	27

PRESENTACIÓN

Coa **Conta Anual do exercicio 2014** infórmase á comunidade universitaria e ao conxunto da sociedade do grao de cumprimento do seu orzamento e dos resultados económicos obtidos pola Universidade de Vigo durante o exercicio.

Este breve informe pretende dar unha visión resumida, co obxectivo de que a información contida na Conta Anual sexa comprensible por persoas non técnicas na materia orzamentaria e contable. A información detallada empregada para a elaboración deste documento pódese consultar na Secretaría Xeral, na Vicerreitoría de Economía e Planificación, na Vicerreitoría do Campus de Pontevedra e na Vicerreitoría do Campus de Ourense

Ofrecendo unha información obxectiva, concisa e clara da actuación económico-financeira da Universidade de Vigo, preténdese que o principio de transparencia na xestión sexa unha conducta real da institución, dirixido a garantir un comportamento legal, ético e responsable socialmente.

Con carácter previo á presentación das Contas Anuais e atendendo ao indicado no Real Decreto-lei 14/2012, de 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo, que modificou algúns apartados da Lei Orgánica de Universidades, a Universidade de Vigo presentou perante a Comisión Económica do Consello Social, antes do primeiro de marzo do 2015, e posteriormente perante o Pleno do Consello Social, a **Liquidación** do seu Orzamento do exercicio 2014, acompañado da Carta de Avance de Auditoría.

Posteriormente a este feito e consonte a restante normativa orzamentaria de aplicación, e seguindo os procedementos habituais, a Universidade de Vigo terá que presentar perante os órganos de fiscalización da Xunta de Galicia, antes do 30 de xuño deste ano, o documento do que estamos a informar, unha vez aprobado polo Consello de Goberno e polo Consello Social.

I. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO

I. 1. CRÉDITOS INICIAIS, MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS E CRÉDITOS FINAIS

O Orzamento da Universidade de Vigo para o exercicio 2014 elaborouse ao abeiro do establecido na Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, dos Estatutos da Universidade e das normas que rexen a actividade económico-financiera do sector público estatal e galego. O documento recolle as obrigas que, como máximo, pode recoñecer a Universidade, así como os dereitos que se prevén liquidar durante o correspondente exercicio, e aproboase en equilibrio, cumprindo cos principios da sustentabilidade financeira e consonte o teito de gasto establecido para dito exercicio.

1.1.1. Orzamento de Ingresos

O orzamento inicial do exercicio 2014 aproboase por un importe de 159.655.119 euros, un 2,18% menos que o do exercicio precedente. Na primeira columna do cadro 1 recóllense os créditos iniciais por capítulos aprobados no orzamento de 2014.

Cadro 1. Orzamento de ingresos inicial e definitivo da UVigo por capítulos. Ano 2014 (€)

Capítulos	Créditos iniciais	Modificacións	Créditos definitivos
III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos	15.774.500	334.144	16.108.644
IV. Transferencias e subvencións correntes	110.715.000	2.516.514	113.231.514
V. Ingresos patrimoniais	426.000	7.138	433.138
OPERACIÓNS CORRENTES	126.915.500	2.857.795	129.773.295
VII.-Transferencias e subvencións capital	17.889.000	114.768	18.003.768
OPERACIÓNS DE CAPITAL	17.889.000	114.768	18.003.768
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	144.804.500	2.972.563	147.777.063
VIII. Variación de activos financeiros	14.850.619	7.004.978	21.855.597
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	14.850.619	7.004.978	21.855.597
TOTAL	159.655.119	9.977.541	169.632.660

Ao longo do exercicio realizáronse modificacións orzamentarias que supuxeron un incremento de 9.977.541 € sobre o orzamento inicial. Na segunda columna do cadro detállanse por capítulos as modificacións orzamentarias realizadas e que veñen significando un 22,73% menos que as do exercicio precedente.

Na terceira columna reflíctense os créditos definitivos, resultado de engadir aos créditos iniciais as modificacións de crédito, e que supoñen unhas previsións definitivas de ingresos de 169.632.660 €, un 3,69% menos que o do exercicio precedente.

No que toca ás modificacións, a partida máis importante é a referida á variación de activos financeiros, que inclúe entre outros a incorporación de remanentes procedentes do exercicio 2013.

1.1.2. Orzamento de Gastos

O orzamento inicial do exercicio 2014 aprobouse por un importe de 159.655.119 euros, en equilibrio co orzamento de ingresos. No cadro 2 recóllense os créditos iniciais, as modificacións e os créditos definitivos.

Cadro 2: Orzamento de gastos inicial e definitivo da UVigo por capítulos. Ano 2014 (€)

Capítulos	Créditos iniciais	Modificacións	Créditos definitivos
I. Gastos de persoal	89.190.380	1.162.283	90.352.663
II. Gastos correntes en bens e servizos	28.112.538	1.888.368	30.000.906
III. Gastos financeiros	50.000	360.000	410.000
IV. Transferencias correntes	6.566.600	899.808	7.466.408
V. Fondo de continxencia	360.000	-359.323	677
OPERACIÓNS CORRENTES	124.279.518	3.951.137	128.230.655
VI. Investimentos reais	32.015.601	6.026.098	38.041.699
OPERACIÓNS DE CAPITAL	32.015.601	6.026.098	38.041.699
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	156.295.119	9.977.235	166.272.354
VIII. Activos financeiros	160.000	306	160.306
IX. Pasivos financeiros	3.200.000	0	3.200.000
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	3.360.000	306	3.360.306
TOTAL	159.655.119	9.977.541	169.632.660

1.1.3. Modificacións Orzamentarias

A diferenza entre os créditos iniciais e os créditos definitivos ven dada polas modificacións de crédito realizadas. No Cadro 3 amósase a evolución do orzamento inicial e definitivo da universidade e das modificacións orzamentarias no período 2010 a 2014. Analizando o mesmo apréciase que estas, no caso da Universidade de Vigo, poden agruparse en tres grandes bloques:

a) Xeracións de crédito por ingresos.

Estas modificacións son consecuencia da achega á universidade dun maior importe de ingresos ca os inicialmente estimados, ou ben de ingresos que non estaban orzamentados e que foron acadados para actuacións específicas. Entre estas xeracións podemos incluír o financiamento acadado para congresos ou outras actividades de investigación, cursos de formación, maior recadación por matrículas, etc. O importe destas modificacións no exercicio 2014 foi de 2.972.563 €.

b) Incorporacións de remanentes.

O importe das incorporacións de remanente de crédito acadou un total de 7.004.978 €, que é o resultado da incorporación de remanentes específicos (caso dos proxectos de investigación nos que así corresponde), dos compromisos que non acadaron a fase de obriga e dos ingresos específicos.

A estabilización das cifras e o control destes procedementos é unha necesidade prioritaria, dado o efecto que teñen no modelo de cómputo do déficit e na rendición de contas perante a Consellería de Facenda, que se fai atendendo ao establecido no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea.

c) Transferencias de crédito.

Pola súa propia definición as transferencias de crédito son unha suma cero, xa que son traspasos de crédito dunha aplicación orzamentaria a outra, polo tanto o que supón un incremento de crédito na aplicación que recibe, implica unha diminución polo mesmo importe na que transfere. O importe das transferencias de crédito foi de 4.935.103 €.

Cadro 3. Evolución do orzamento e as súas modificacións 2010-2014 (€)

	2010	2011	2012	2013	2014
Presuposto inicial	176.000.320	167.903.853	162.969.745	163.216.352	159.655.119
Modificacións presupostarias	22.633.252	14.506.050	15.826.462	12.912.506	9.977.541
<i>Xeracións de crédito</i>	<i>2.676.773</i>	<i>1.388.059</i>	<i>6.766.906</i>	<i>1.621.282</i>	<i>2.972.563</i>
<i>Incorporación de remanentes</i>	<i>19.956.478</i>	<i>13.117.991</i>	<i>9.059.556</i>	<i>11.291.225</i>	<i>7.004.978</i>
<i>Transferencias de crédito</i>	<i>1.646.826</i>	<i>5.702.449</i>	<i>2.494.981</i>	<i>453.119</i>	<i>4.935.103</i>
Presuposto definitivo	198.633.572	182.409.903	178.796.207	176.128.858	169.632.660

I.2. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO

O apartado anterior permitiu coñecer o orzamento definitivo da Universidade de Vigo, engadindo ás previsións iniciais as modificacións realizadas ao longo do exercicio. Neste apartado determinarase o

grao de cumprimento do orzamento. Para isto cómpre cuantificar os dereitos e as obrigas recoñecidas, así como o resultado orzamentario.

Os **dereitos recoñecidos** netos son os créditos existentes a favor da Universidade de Vigo, que poden estar xa recadados, ou ben recoñecidos e pendentes de cobro, segundo o principio de devengo utilizado na contabilidade do orzamento de ingresos. Como se observa no Cadro 5, os dereitos recoñecidos netos -sen remanentes de tesourería-, ascenderon en 2014 a **146.593.086,66 €**. Destes recadáronse durante o ano **117.308.795,93 €**, o 80% (polo 86,78% do exercicio precedente), quedando **pendentes de cobro**, a 31 de decembro de 2014, un total de **29.284.290,73 €** (no exercicio 2013 á mesma data só quedaban pendente de cobro 19.972.627 €).

No referido a este último importe indicar que case toda a cantidade correspóndese coas achegas doutras administracións públicas pendentes de pago á Uvigo, en especial da Xunta de Galicia. Estas cifras amosan un deterioro salientable da situación con respecto ao exercicio precedente, amosando un panorama similar ao que se deu no peche do exercicio 2012.

As **obrigas contraídas** netas son as contraídas pola Universidade de Vigo como consecuencia da realización de gastos correntes ou de capital e, como pode comprobarse no cadro 9, ascenderon en 2014 a **147.443.760,41 €**. Pola contra os **pagos** que a Uvigo ten **pendentes** a 31 de decembro acadan o valor insignificante de **589 €**.

Só a boa saúde financeira da Universidade de Vigo, que obedece ás decisións de xestión adoptadas ao longo destes anos, permiten manter esta liña de traballo pese os atrancos descritos.

O **resultado orzamentario**, que se conceptúa como a diferenza entre a totalidade dos dereitos recoñecidos netos durante o exercicio e a totalidade das obrigas recoñecidas netas do mesmo exercicio, acadou a cifra negativa de - **850.674 €**. O bo resultado acadado nas operacións non financeiras non permite atender a totalidade dos custos asociados a devolución dos anticipos reintegrables.

Se ao saldo orzamentario lle sumamos os créditos gastados con cargo a remanentes de tesourería e aos demais axustes relacionados coas desviacións positivas e negativas do financiamento, que acadan a cifra de 11.995.161 €, obtense o **resultado orzamentario axustado do exercicio**, que no 2014 ascendeu á cantidade de **11.144.487 €**.

Cadro 4. Resultado orzamentario. Ano 2014 (€)

Conceptos	Dereitos recoñecidos netos	Obrigas recoñecidas netas	Axustes	Resultado Orzamentario
1. (+) Operacións non financeiras	146.491.869	144.208.463		2.283.406
2. (+) Operacións financeiras	101.218	3.235.297,27		-3.134.079

I. Resultado orzamentario do exercicio (1+2)	146.593.087	147.443.760		-850.674
Axustes (créditos gastados con cargo a remanentes de tesourería non afectados e desviacións negativas e positivas de financiamento)			11.995.161	
II. Resultado orzamentario axustado				11.144.487

Atendendo ao expresado nestas cifras e na restante información concordante, hai que salientar e constatar que, ao igual que no exercicio precedente, a Universidade de Vigo non ten déficit consonte á metodoloxía establecida polo Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (DOCE do 26 de xuño de 2013, polo que se publica o Regulamento nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 21 de maio de 2013).

Para completar o coñecemento do grao de execución dos orzamento de ingresos e gastos, ao longo dos seguintes epígrafes analízanse os seguintes aspectos:

1.2.1. Grao de execución do Orzamento de Ingresos

Os dereitos recoñecidos netos ascenderon a 146.593.086,66 €. Postos en relación co orzamento definitivo sen remanentes de tesourería incorporados, que é de 147.777.063,21 €, dá un grao de execución do orzamento de ingresos dun 99,20%, tal e como se pode apreciar no cadro 5.

Cadro 5. Dereitos recoñecidos do orzamento de ingresos da Universidade de Vigo. Ano 2014 (€)

Capítulos	Créditos definitivos	Dereitos recoñecidos	Grado de Execución
III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos	16.108.644	17.806.306	110,54%
IV. Transferencias e subvencións correntes	113.231.514	112.011.796	98,92%
V. Ingresos patrimoniais	433.138	394.223	91,02%
OPERACIÓNS CORRENTES	129.773.295	130.212.326	100,34%
VII.-Transferencias e subvencións capital	18.003.768	16.279.543	90,42%
OPERACIÓNS DE CAPITAL	18.003.768	16.279.543	90,42%
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	147.777.063	146.491.869	99,13%
VIII. Variación de activos financeiros (sen remanentes de tesourería)		101.218	--
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	0	101.218	--

TOTAL (sen remanentes de tesourería)	147.777.063	146.593.087	99,20%
VIII. Variación de activos financeiros (só remanentes de tesourería)	21.855.597		--
TOTAL	169.632.660	146.593.087	--

Se analizamos o contido do cadro, apréciase que nas operacións correntes o grao de execución acadou o 100,34%, fundamentalmente polo bo comportamento dos capítulos III (taxas, prezos públicos e outros ingresos), que compensa a menor taxa de execución dos capítulos IV e V.

Nas operacións de capital o grao de execución acadou o 90,42%, ligado ao descenso da dotación económica das convocatorias competitivas relativas á investigación básica, fundamentalmente do Estado.

O grao de execución do orzamento de ingresos non financeiros da universidade foi dun 99,13%. Ao sumar as operacións financeiras, correspondentes ás variacións de activos e pasivos financeiros, acádase o grao de execución do 99,20% sen ter en conta os remanentes de tesourería.

Estes datos confirman a rigorosidade e prudencia empregada na confección da estimación de ingresos para o exercicio.

Se profundizamos na análise e comparamos os ingresos cos do exercicio anterior, vemos que os ingresos da universidade teñen unha diminución dun 3,01%, cun comportamento diferente según as partidas, tal e como pode apreciarse no cadro 6.

Cadro 6. Comparativo dos ingresos (dereitos recoñecidos). Anos 2014 e 2013 (€)

Capítulos	2014	2013	% de variación
III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos	17.806.306	18.861.554	-5,59%
IV. Transferencias e subvencións correntes	112.011.796	108.917.625	2,84%
V. Ingresos patrimoniais	394.223	413.209	-4,59%
OPERACIÓNS CORRENTES	130.212.326	128.192.387	1,58%
VII.-Transferencias e subvencións de capital	16.279.543	22.898.603	-28,91%
OPERACIÓNS DE CAPITAL	16.279.543	22.898.603	-28,91%
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	146.491.869	151.090.990	-3,04%
VIII. Variación de activos financeiros	101.218	59.176	71,05%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	101.218	59.176	71,05%
TOTAL	146.593.087	151.150.166	-3,01%

No cadro 7 móstrase a evolución da execución dos ingresos nun período de 5 anos, que confirma a mellora na xestión dos ingresos aumentando un punto con relación o exercicio anterior.

Cadro 7. Evolución do grao de execución do orzamento de ingresos 2010-2014 (€)

	2010	2011	2012	2013	2014
Dereitos recoñecidos (A)	157.969.204	155.204.322	148.355.503	151.150.166	146.593.087
Orzamento definitivo (B)	198.633.572	182.409.903	178.796.207	176.128.858	169.632.660
% de execución	79,53%	85,09%	82,97%	85,82%	86,42%
Orzamento definitivo (excepto remanentes) (B)	157.053.508	153.406.816	153.677.223	154.021.342	147.777.063
% de execución	100,58%	101,17%	96,54%	98,14%	99,20%

Abondando no mesmo aspecto, no cadro 8 pode observarse a evolución dos ingresos globais da universidade dende o ano 2010.

O dato negativo explícase pola minoración do orzamento con relación ao exercicio anterior, no cal se acadara o proxecto TACTICA que pola súa especial relevancia implica unha importante distorsión nas cifras, non polo deterioro na execución dos ingresos.

Cadro 8. Evolución dos ingresos (dereitos recoñecidos). Anos 2010 a 2014 (€)

	2010	2011	2012	2013	2014
Ingresos (dereitos recoñecidos)	157.969.205	155.204.321	148.355.503	151.150.166	146.593.087
% variación anual	-10,71%	-1,75%	-4,41%	1,88%	-3,01%

1.2.2. Grao de execución do Orzamento de Gastos

As obrigas contraídas acadaron un valor de **147.443.760 €**. Postas en relación co orzamento definitivo, que é de **169.632.660 €**, dá un grao de execución do orzamento de gasto dun **86,92%**, tal e como se pode apreciar no cadro 9. Se facemos a comparanza por capítulos, a maior porcentaxe de execución continúa a corresponderlle ao Capítulo I, “Gastos de persoal”, cun 99,87%

Os desaxustes entre a previsión de gasto o e gasto efectivamente realizado obedece, como en anteriores exercicios, a dúas causas fundamentais: por unha banda, ao modelo de xestión dos gastos asociados aos proxectos de investigación, que esixen, para a súa execución, un período de tempo superior ao exercicio orzamentario no que se acada o financiamento; por outra banda, ao proceso de xeración de nova infraestrutura e equipamento científico asociado a financiamento alleo, que provoca o traslado de parte do gasto comprometido a exercicios posteriores a través dos remanentes de crédito.

Cadro 9. Obrigas contraídas do orzamento de gastos da UVigo. Ano 2014 (€)

Capítulos	Créditos definitivos	Obrigas recoñecidas	Grao de Execución
I. Gastos de persoal	90.352.663	90.231.284	99,87%
II. Gastos correntes en bens e servizos	30.000.906	23.869.818	79,56%
III. Gastos financeiros	410.000	369.347	90,08%
IV. Transferencias correntes	7.466.408	6.085.667	81,51%
V. Fondo de continxencia	677		
OPERACIÓNS CORRENTES	128.230.655	120.556.115	94,02%
VI. Investimentos reais	38.041.699	23.652.348	62,17%
OPERACIÓNS DE CAPITAL	38.041.699	23.652.348	62,17%
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	166.272.354	144.208.463	86,73%
VIII. Activos financeiros	160.306	79.530	49,61%
IX. Pasivos financeiros	3.200.000	3.155.767	98,62%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	3.360.306	3.235.297	96,28%
TOTAL	169.632.660	147.443.760	86,92%

No cadro 10 pode observarse a evolución do nivel de execución do orzamento de gastos desde o ano 2010, tanto na fase de obriga, como na de compromiso, mantense unha liña razoable de traballo.

Cadro 10. Evolución do grao de execución do orzamento de gastos 2010-2014 (€)

	2010	2011	2012	2013	2014
A.Obrigas recoñecidas	169.781.026	154.660.658	148.728.461	142.360.844	147.443.760
B. Orzamento definitivo	198.633.572	182.409.903	178.796.207	176.128.858	169.632.660
% de execución (A/B)	85,47%	84,79%	83,18%	80,83%	86,92%
C. Créditos comprometidos	175.349.664	158.398.204	155.094.158	148.212.798	151.472.696
% de execución (C/B)	88,28%	86,84%	86,74%	84,15%	89,29%

Incidindo na análise e comparando os gastos do exercicio cos do anterior, tal e como se pode apreciar no cadro 11, o aumento é duns 5 millóns de euros respecto do 2013, o que supón, en termos porcentuais, unha variación positiva da orde do 3,57%.

Cadro 11. Comparativo dos gastos (obrigas contraídas). Anos 2014 e 2013 (€)

Capítulos	2014	2013	% de variación
I. Gastos de persoal	90.231.284	88.978.519	1,41%
II. Gastos correntes en bens e servizos	23.869.818	22.266.861	7,20%
III. Gastos financeiros	369.347	142.499	159,19%
IV. Transferencias correntes	6.085.667	6.428.444	-5,33%
OPERACIÓNS CORRENTES	120.556.115	117.816.322	2,33%
VI. Investimentos reais	23.652.348	21.927.360	7,87%
OPERACIÓNS DE CAPITAL	23.652.348	21.927.360	7,87%
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	144.208.463	139.743.682	3,19%
VIII. Activos financeiros	79.530	124.188	-35,96%
IX. Pasivos financeiros	3.155.767	2.492.973	26,59%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	3.235.297	2.617.162	23,62%
TOTAL	147.443.760	142.360.844	3,57%

No cadro 12 pode observarse a evolución dos gastos globais da universidade dende o 2010. Os motivos desta evolución, a maiores do xa comentado e do que polo miúdo se detalla a seguir, está no esforzo que realiza a Universidade para reequilibrar as súas contas e axeitar os seus gastos as súas dispoñibilidades financeiras.

Cadro 12. Evolución dos gastos (obrigas recoñecidas). Anos 2010 a 2014 (€)

	2010	2011	2012	2013	2014
Gastos (obrigas recoñecidas)	169.781.026	154.660.658	148.728.461	142.360.844	147.443.760
% variación anual	1,52%	-8,91%	-3,84%	-4,28%	3,57%

No que toca á partida máis importante en termos de volume, os **gastos de persoal**, o seu importe acadou no 2014 os **90.231.284 €**, manténdose nunhas cifras similares ás do exercicio 2013.

Cadro 13. Gasto de persoal (obrigas contraídas). Anos 2014 e 2013 (€)

Denominación	2014	Importe da variación s/ 2013	% de variación s/ 2013	2013
Altos cargos e persoal eventual	400.301	27.983	7,52%	372.318
Funcionarios	50.329.146	48.808	0,10%	50.280.337
Laborais	10.055.588	240.160	2,45%	9.815.428
Outro Persoal	16.240.659	743.607	4,80%	15.497.052
Incentivos ao rendemento	747.821	13.971	1,90%	733.851
Gastos Sociais	12.457.769	178.236	1,45%	12.279.533
TOTAL	90.231.284	1.252.765	1,41%	88.978.519

No referido ao **gasto en bens e servizos correntes**, o importe final é de **23.869.818 €**, cun aumento porcentual dun 7,20%, como se pode ver no cadro 14. Os maiores aumentos en termos absolutos danse na partida de material, subministracións e outros.

Cadro 14. Gasto en bens e servizos correntes (obrigas contraídas). Anos 2014 e 2013 (€)

Denominación	2014	Importe da variación s/ 2013	% de variación s/ 2013	2013
Arrendamentos	431.356	39.603	10,11%	391.753
Reparacións e conservación	2.835.356	173.818	6,53%	2.661.538
Material, subministracións e outros	18.924.472	1.348.545	7,67%	17.575.927
Indemnizacións por razón de servizo	1.653.634	50.463	3,15%	1.603.171
Publicacións	25.000	-9.472	-27,48%	34.472
TOTAL	23.869.818	1.602.958	7,20%	22.266.861

Os **gastos financeiros** ascenderon a 369.347 € e corresponden principalmente a xuros de demora e outros gastos financeiros, e seguen a ter un baixo importe no orzamento de gastos.

O **gasto en transferencias correntes** acadou un importe de **6.085.667 €**, cun decrecemento porcentual do (-) 5,33%. Pese a estes datos debemos salientar que segue a manterse a liña de traballo e a aposta da institución polo programa propio de bolsas e axudas, que e o que evita unha situación peor. Malia todo, o esforzo feito pola nosa institución non é quen de compensar a caída das axudas estatais.

Cadro 15. Gasto en transferencias correntes. Anos 2014 e 2013 (€)

Denominación	2014	Importe da variación s/ 2013	% de variación s/ 2013	2013
Transferencias a entidades públicas e privadas	2.486.245	97.111	4,06%	2.389.135
Transferencias a familias e institucións sen ánimo de lucro (bolsas e subvencións)	2.218.249	-481.139	-17,82%	2.699.387
Transferencias ao exterior (intercambios ERASMUS, LIG, etc)	1.381.173	41.251	3,08%	1.339.921
TOTAL	6.085.667	-342.777	-5,33%	6.428.444

O capítulo de **investimentos** no ano 2014 chega aos **23.652.348 €**, cun aumento porcentual dun 7,87% con respecto ao 2013;

a) No que se refire aos investimentos asociados ao funcionamento dos servizos, prodúcese un aumento no gasto dun 9,38% porcentual asociado a execucion de inversións materiais con financiamento finalista.

b) No comportamento dos gastos en investimentos de carácter inmaterial, nunha liña similar a anterior, o aumento porcentual é menor, quedando no 7,20% .

Cadro 16. Gasto en investimentos (obrigas recoñecidas). Anos 2014 e 2013 (€)

Denominación	2014	Importe da variación s/ 2013	% de variación s/ 2013	2013
Investimentos asociados ao funcionamento dos servizos	7.370.888	632.068	9,38%	6.738.820
Gasto en investimentos de carácter inmaterial	16.281.460	1.092.920	7,20%	15.188.540
TOTAL	23.652.348	1.724.988	7,87%	21.927.360

I.3. REMANENTE DE TESOURERÍA

O remanente de tesourería é unha magnitude financeira que reflicte o exceso ou o déficit de financiamento a curto prazo nunha data determinada, neste caso ao remate do exercicio económico. É unha das magnitudes mais importantes para reflectir o estado económico-financieiro dunha organización.

No Cadro 17 preséntase o cálculo do remanente a 31 de decembro de 2014. Obtense como resultado da diferenza entre os dereitos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pago, sexan do exercicio corrente ou de exercicios pechados, e sumando a este resultado a tesourería existente a esa data.

Cadro 17. Remanente de tesourería da Uvigo a 31 de decembro de 2014 (€).

Conceptos	2014	2013
1. (+) Fondos líquidos	22.949.095,85	35.583.394,04
2. (+) Dereitos pendentes de cobro	48.840.600,69	37.243.321,54
- (+) do orzamento corrente	29.284.290,73	19.972.626,59
- (+) de orzamentos pechados	2.599.606,52	2.351.706,97
- (+) de operacións non orzamentarias	16.956.703,44	14.918.987,98
3. (-) Obrigacións pendentes de pagamento	5.316.506,44	5.033.678,97
(-) (+) do orzamento corrente	529,22	33.699,44
(-) (+) de operacións non orzamentarias	4.160.035,43	3.810.683,62
(-) (+) acredores pendentes de aplicar ó orzamento	1.155.941,79	1.189.295,91
4. (+) Partidas Pendentes de Aplicación	701.764,65	146.832,87
TOTAL REMANENTE TESOURERÍA (1+2-3+4)	67.174.954,75	67.939.869,48
I. Saldos de dubidoso cobro	2.885.014,68	2.557.077,70
II. Remanentes de Tesourería non dispoñible	49.793.940,67	48.378.722,74
II. Remanentes de Tesourería dispoñible	14.495.999,40	17.004.069,04
III. Remanentes de Tesourería total = (I+II+III)	67.174.954,75	67.939.869,48

O resultado é un remanente de tesourería por importe de 67.174.954,75 €, dos que 49.793.940,67€ forman parte do remanente de tesourería non dispoñible. Este remanente unicamente poderá empregarse para dar cobertura aos gastos afectados. O remanente dispoñible ascente aos 14.495.999,40 €.

Eliminando os efectos excepcionais xa comentados, asociados fundamentalmente a demora na realización das achegas polas distintas administracións que nos financian, podemos dicir que se mantén a tendencia definida nos anteriores exercicios. As contas amosan unha situación na que os ingresos e gastos están en equilibrio, o que permite uns resultados orzamentarios axustados, motivo polo que seguimos a dispor, despois dos anos que levamos transitando por este ciclo económico tan complexo, de recursos propios suficientes para non ter dificultades nin de financiamento nin de tesourería.

II. SITUACIÓN ECONÓMICO-PATRIMONIAL DO EXERCICIO

II.1. RESULTADO ECONÓMICO-PATRIMONIAL DO EXERCICIO

A conta de resultado económico patrimonial é un estado económico-financieiro onde se amosa o resultado da actividade económica da universidade. Dito doutro xeito, o resultado económico-patrimonial é o resultado do exercicio dende o punto de vista da contabilidade financeira, motivo polo que non ten porque coincidir co resultado orzamentario xa que o proceso para o seu cálculo é moi diferente, na contabilidade financeira existen operacións como as provisiones que non se rexistran na contabilidade orzamentaria e hai que aplicar o principio de correlación de ingresos e gastos, o que leva a facer axustes temporais nos fluxos de ingresos e gastos. Este resultado pode ser positivo se os ingresos superan aos gastos ou negativo se ocorre o contrario. A Conta do Resultado Económico-Patrimonial da Universidade de Vigo a 31 de decembro de 2014 está formada polas partidas que se recollen no cadro 18, que amosan un resultado negativo de (-) 11.566.648,45 € produto fundamentalmente das amortizacións e provisiones.

Cadro 18. Conta do Resultado Económico Patrimonial da UVigo 2014-2013 (€)

DESCRICIÓN	Exercicio 2014	Exercicio 2013
1. Ingresos tributarios e cotizacións sociais	15.361,96	29.177,77
2. Transferencias e subvencións recibidas	125.614.425,55	121.129.244,41
3. Ventas netas e prestación de servizos	22.374.876,60	18.366.192,59
6. Outros ingresos de xestión ordinaria	5.296.607,17	4.406.004,67
A) TOTAL INGRESOS DE XESTIÓN ORDINARIA	153.301.271,28	143.930.619,44
8. Gastos de persoal	105.596.260,11	96.440.097,51
